




SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA INSPECCION DE TRIBUTOS GT3200 RCG	<i>Documento</i> 36615I0000	
<i>Código de verificación</i>  515S 4E4B 2U4M 6E0S 0D08	<i>Expediente</i> 366/2021/5	
	<i>DATA</i> 11-03-2021	

ANUNCIO: PLAN INSPECTOR PARA O ANO 2021

DATA de aprobación: Resolución da Concellería de Economía, Facenda e Réxime Interior de data **15 de marzo de 2021**

Resumo:

O artigo 116 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria dispón: «A Administración tributaria elaborará anualmente un Plan de control tributario que terá carácter reservado, aínda que iso non impedirá que se fagan públicos os criterios xerais que o informen».

O artigo 170 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado por Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, establece que cada Administración tributaria integrará no Plan de control tributario a que se refire o artigo 116 da Lei Xeral Tributaria, o plan ou os plans parciais de inspección, que se basearán nos criterios de risco fiscal, oportunidade, aleatoriedade ou outros que se estimen pertinentes.

En cumprimento de tal mandato, elabórase o Plan Anual Inspección cuxos obxectivos para o ano 2021 céntranse nunha dobre vertente: en primeiro termo, incrementar a eficacia da organización, a través da modernización e mellora dos medios materiais e tecnolóxicos, así como dunha constante formación dos recursos humanos; en segundo termo, perséguese perfeccionar os mecanismos de coordinación, tanto interna como externa, e as posibilidades dunha visión integral da inspección de todas as figuras tributarias desde a perspectiva das actividades económicas ás que están vinculadas.

A consecución dos devanditos obxectivos tradúcese nas seguintes accións:

1. Impulsar a dixitalización dos expedientes de inspección e dos procesos de atención ao cidadán, avanzando gradualmente, na medida que o permitan os medios dispoñibles, na posibilidade de comparecencia e sinatura electrónica de actas e demais documentos de inspección.
2. Reforzar os mecanismos de coordinación cos sistemas de información de Urbanismo para a inspección dos tributos vinculados a obras e actividades, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), esencialmente, pero tamén coa inspección ao Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), ao Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) e as taxas, avanzando na medida do posible, desde a coordinación dos sistemas de información á integración dos mesmos.
3. Establecer sistemas de colaboración coa Administración tributaria da Xunta de Galicia para a obtención de información necesaria para a inspección tributaria local, especialmente en relación co IIVTNU, mediante o acceso aos datos do Imposto sobre Sucesións e Doazóns e o Imposto sobre Transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados
4. Solicitar da AEAT acceso a datos dos que actualmente non se dispón para a investigación de domicilios, notificacións electrónicas e inspección do IAE.
5. Potenciar unha actuación da inspección integral e interrelacionada de todos os tributos en función das actividades económicas, obras, instalacións e negocios xurídicos subxacentes, optimizando



as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para o acceso á información a través de múltiples canles e o uso da internet.

6. Establecer un protocolo de funcionamento conxuntamente co departamento de Recadación para a máis eficaz derivación de responsabilidade tributaria aos responsables subsidiarios ou solidarios, así como para a derivación da obriga tributaria aos sucesores, especialmente no caso de sucesión de persoas xurídicas.
7. Formación continua e motivación dos recursos humanos adscritos á Inspección Tributaria, tanto nos aspectos estritamente tributarios, xurídicos, económicos e contables, como nas habilidades de investigación e uso das novas tecnoloxías no contexto dunha Administración dixitalizada.

A Coruña, na data de sinatura electrónica

O director da Area de economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Angel Jove Losada